

Libros

Rafael García Pérez, “Política de Seguridad y Defensa de la Unión Europea”, Madrid 2003, UNED ediciones, 158 páxinas.

Trala incursión de EEUU en Iraq, percibiuse por primeira vez en Europa unha sensación de unidade no sentido de que a cidadanía demandou aos seus gobernantos unha resposta común como europeos, pero esa demanda non se chegou a materializar, mostrándose novamente unha Europa dividida, anque desta vez nun contexto politicamente máis delicado, marcado polo proceso de elaboración da Constitución Europea.

Para afondar na construción política, o paso constituínte é moi importante, ante o cal é necesario clarificar e pormenorizar nos diversos temas que o conforman, entre eles a política exterior e de defensa, que sempre se mantivo á marxe, nun chanzo diferenciado, do proceso de integración.

Rafael García Pérez, no seu libro “Política de Seguridad y Defensa de la Unión Europea”, achégase a este ámbito e traza a traxectoria histórica que seguiu dende o fin da Segunda Guerra Mundial ata os acontecementos máis recentes: os atentados do 11 de setembro de 2001 e a invasión de Iraq, pasando pola crise de Bosnia-Hercegovina e o conflito de Cosova.

Tal e como se describe no libro, dende o inicio da Guerra Fría, o liderado estadounidense é incuestionábel, xa que ningún dos outros países aliados tiña a capacidade de responder naquel momento ante un posíbel ataque soviético, o que se traducía na necesidade de protección por parte dos norteamericanos. Desta forma, as novas necesidades estratéxicas desembocaron na creación da OTAN en 1949.

A partir deste momento calquera intento europeo de construír unha defensa común bate de fronte cos intereses da OTAN, encabezada por EEUU, e daqueles países que prefiren manterse baixo o paraugas de protección estadounidense. O certo é que ata o fin deste período non houbo un interese firme para formular unha política de seguridade e defensa para Europa, pois para levala a cabo cumpría ter en conta tamén a opinión estadounidense, a quen lle interesaban as iniciativas europeas para repartir a carga pero non o liderado.

Nas páxinas desta documentada obra, explícanse as distintas iniciativas e tratos que intentaron desenvolver unha política militar común en Europa, e os distintos motivos que levaron a que ningún deses intentos acadase o fin desexado.

Entre os principais acordos que abordaron esta materia ao longo de máis de 50 anos cómpre destacar: Comunidade Europea de Defensa (1952); a Unión Europea Occidental (creada tralo fracaso da CED en 1954); os Plans Fouchet (de 1961 e 1962, fracasados por ser elaborados sen contar coa OTAN e co desexo de cumprir as expectativas do nacionalismo francés); a II Conferencia Intergobernamental (1991); a decla-

ración de Petersberg (mediante a cal a UEO se declaraba disposta a desenvolver capacidades operativas para misións humanitarias e de paz); declaración de Saint-Malo (1998, encontro franco-británico, representantes do europeísmo-atlantismo, para impulsar a política de seguridade e defensa común); o Consello Europeo de Colonia (1999); Consello Europeo de Helsinki (onde se decide a creación da Forza de Reacción Rápida); Consello Europeo de Feira (2001, creación dun mecanismo civil de xestión de crises); ademais dos tratados constitutivos de Maastricht, Amsterdam e Niza.

A pesar deste importante número de documentos, a PESD vense caracterizando por situar a Europa como potencia civil e por unha elaboración ambigua, xa que esta é, tradicionalmente, a única forma de chegar a un acordo de mínimos entre os países europeos, eternamente divididos entre "atlantistas" e europeístas. O que acontece é que, ao estar constituído por liñas tan pouco definidas, a política exterior europea foi sempre un proxecto baleiro con respecto á OTAN.

Na situación actual do proceso de integración política (cunha Constitución que vai ser sometida a referendo en moitos países europeos), esta reflexión sobre a "*Política Europea de Seguridade y de Defensa*" é unha obra imprescindible para entender a posición actual de Europa nesta materia, as razóns do momento presente e das súas insuficiencias e cal pode ser o seu futuro, é dicir, se os países europeos están dispostos a ceder (poder de decisión, orzamento, industria...) para presentar unha única resposta europea como alternativa política aos EEUU para contribuír, nos vindeiros anos, á conformación dun mundo que tamén incorpore os valores e aspiracións que a UE representa e personifica.

Marta Táboas.

Martin Khor, "La globalización desde el Sur. Estrategias para el siglo XXI", Icaria, Barcelona, 2001, 103 páxinas.

Nesta obra, Martin Khor, presidente da denominada Rede do Terceiro Mundo e economista pola Universidade de Cambridge, examina as consecuencias dos procesos de globalización sobre os países en desenvolvemento, prestando especial atención á crise asiática. Para iso, analiza independentemente diversos factores da globalización económica, o comercio, as finanzas internacionais, a liberalización das inversións ou as condicións baixo as que os organismos internacionais prestan a súa axuda ao desenvolvemento. Xunto con estas análises, remata a obra cun capítulo dedicado ás diversas estratexias que propón como adecuadas para abordar os problemas anteriormente expostos.

Pese ao seu reducido tamaño, a obra é un auténtico catálogo dos principais problemas da globalización, dos que expón as súas causas facendo unha análise que en ningún momento se queda no superficial, remitindo ao lector interesado neste tema a

diversos informes. Do seu discurso, destaca unha idea: as consecuencias negativas da globalización non son debidas a unha maldade intrínseca deste proceso, senón á capacidade dos países máis ricos e beneficiados por este proceso de impor ao resto do globo un modelo determinado de entre os varios posibles para implantar a liberación das barreiras económicas. O control do primeiro mundo sobre organizacións como a OMC provoca a falla de flexibilidade destas organizacións que asemellan incapaces de identificar a apertura económica con algo diferente da total desprotección ante a competencia, coas conseguíntes consecuencias para as economías locais que atopan barreiras nas súas exportacións nun proceso claramente asimétrico.

Martin Khor amósanos como este modelo de integración económica ten un altísimo custo para as economías nacionais. En moitos casos resulta inviábel para os países levar a cabo todas as medidas esixidas; noutros, as sociedades non van responder a esta liberalización da forma que esperan en Occidente debido ás diferencias existentes na estrutura económica.

Ademais considera que, en moitos casos, as esperanzas de crecemento económico que serven á OMC para vender os seus acordos aos países do terceiro mundo son ficticias e baséanse no dogma case místico para estas organizacións de que a liberalización supón unha inmediata mellora, e que por iso cómpre efectuala de forma completa, o que implica expoñer as economías á especulación internacional. En contraposición, países como China, que seguiron o seu propio criterio acadaron un nivel de crecemento e solvencia económica que permite ás súas redes nacionais resistir o envite das inversións estranxeiras. Os que aceptan a liberalización sen máis se enfrontan constantemente á destrución da súa economía.

A ONU mantivo sempre, asegura, un nivel de propostas para as cuestións económicas e sociais diferente ao da OMC. Recordemos que na ONU, como foro internacional, a presenza de países do terceiro mundo é moito maior ao non primar de forma tan bárbara a capacidade económica. Con esta influencia configúrouse unha política dende a ONU que considera a intervención pública non coma un pecado contra a liberdade de mercado, senón só un instrumento que en caso de necesidade pode ser empregado para que se respecten as necesidades particulares das economías nacionais e os dereitos humanos básicos. Fronte á OMC, a ONU defende que o mercado por si mesmo é insuficiente, e precisa da intervención política para regulalo e evitar as consecuencias negativas que, segundo a OMC, non existen. O que a OMC esquece en moitas ocasións é a imposibilidade por parte dos gobernos de realizar na súa totalidade os programas estruturais, amais das consecuencias que estes supoñen para a poboación. Por iso, dende as institucións de *Bretton Woods* apóstase polo fortalecemento do mercado e a liberalización económica minimizando o papel do Estado e arrebatando a este unha parte da súa soberanía imprescindible para afrontar as crises económicas e financeiras debido á debilidade do seu tecido económico.

Pero como consecuencia da crise económica permanente na que vive a ONU e á maior capacidade para realizar aportacións económicas da OMC e do Banco Mundial, de políticas rexidas por uns poucos países, predomina o tipo de globalización que invi-

ta á liberalización do mercado, marxinando a capacidade da ONU, e polo tanto dos países máis febles, de influír no modelo de globalización.

A diagnose que efectúa Khor da situación, podemos resumila na predominancia dun modelo de globalización que non é o único viábel e provoca unha desigualdade crecente; o crecemento e expansión económicos prometidos só se dan nos contados países que lideran o proceso, as economías que deciden integrarse neste proceso e xa posúen unha certa saúde economía obteñen crecementos moderados ou flutuantes, e aqueles países que basean as súas economías en materias primas sofren un deterioro da súa situación económica en xeral resultando especialmente afectados os membros das clases medias e baixas.

A solución que propón a este problema é ben sinxela: a creación ou potenciación daqueles foros económicos que sexan capaces de escoitar as necesidades particulares das súas economías e elaborar receitas económicas concretas para cada caso, analizando a saúde da economía de forma previa e determinar que nivel de apertura sería o adecuado para o desenvolvemento. As economías máis fortes deberían aceptar medidas como os controis sobre os fluxos de capitais, os impostos á exportación, as obrigas de recorrer a provedores nacionais cando se implantan nun país, aranceis e outras medidas que Khor analiza. Pero é algo que asemella imposíbel, alomenos nos actuais foros internacionais dominados polas economías máis fortes e favorecidas co actual modelo.

Aarón Lemos Correa.

José David Santos Araújo, "Portugal e Galiza: Encantos e encontros", Associação Galega da Língua, Edicións Laivento 2004, 177 páxinas.

A pesar da evidente unión socio-cultural entre as dúas beiras do Miño e dos considerábeis avances institucionais que se produciron nos últimos tempos, o certo é que son escasos aínda os traballos que tenten inmiscuirse no tema das nosas relacións bilaterais, nin por parte galega nin por parte do país veciño.

Coa obra "Portugal e Galiza: Encantos e encontros", o portugués José David Santos Araújo aporta o seu grao de area para ir enchendo ese baleiro existente na investigación da realidade galego-portuguesa acudindo a aquelas personaxes máis importantes dos séculos XIX e XX que sinalaron e trataron esta unión cultural.

A obra comeza facendo referencia á situación de marxinação da lingua galega trala súa separación do portugués, cualificada entón como unha lingua de segunda, como un castelán mal falado, aínda que non se precisa agardar ata o *Rexurdimento* para atopar voces contrarias a tal consideración. Para iso, José David Santos Araújo remón-tase un pouco máis atrás no tempo, e chega ó século XVIII, á figura de Frei Martín

Sarmiento, que xa nos seus estudos reivindica a independencia do galego fronte o castelán e a lingua portuguesa como expansión da lingua de Galicia.

Estas ideas teñen un desenvolvemento máis acusado no século XIX, durante o chamado *Rexurdimento*, aparecendo nun primeiro momento figuras como Agustín Farello, Martín Padín, Xoán Manuel Pintos, que aínda baseando os seus escritos na defensa de Galicia e do galego, xa comezan a identificar dunha forma máis evidente a unión coa cultura portuguesa.

A partir deste arranque político-literario de signo contextualizador, inicia os debates sobre como é e como debía ser o galego. Tal e como se explica no libro, certamente, entre os intelectuais galegos, non había dúbidas sobre o parentesco cos lusos, pero a cuestión era se o galego debía continuar a súa propia evolución ou debía unirse a aquela lingua que seguiu o seu camiño sen interrupcións reintegrándose nun eixo galego-luso-brasileiro. Esta discusión pervive ata os nosos días cobrando máis énfase debido aos cambios políticos que se produciron no Estado español a partir da morte de Franco.

Seguindo a súa exposición decatámonos que o interese pola terra veciña era recíproco, aínda que en menor medida por parte dos portugueses, que non deron a mesma resposta á chamada de Galicia. O motivo do desequilibrio sustentábase en persoas como Manuel Murguía ou Eduardo Pondal, fascinados polas teorías celtas, que contemplaban a Portugal como un modelo que debía seguir Galicia para liberarse da opresión que padece por parte de Castela, mentres que para Portugal a terra de Rosalía era mencionada e tratada soamente, na maior parte dos casos, para identificar o inicio da cultura lusa e de Portugal.

En "Portugal e Galiza: Encantos e encontros" tamén se recollen os escritos das viaxes que fixeron Anselmo de Andrade, Silveira da Mato, Fialho de Almeida, Marqués de Figueira e Julio Dantes ao outro lado do Miño, apuntes que favoreceron a comprensión, durante estas saídas ao estranxeiro, da realidade da cultura galaico-portuguesa, animando as súas demandas de unión das dúas terras para o seu engrandecemento.

Na obra tamén se fai un repaso das orixes e da evolución do nacionalismo galego, que defende unha aproximación cada vez máis forte de Galicia, Portugal e o mundo lusófono, avogando por unha unidade lingüística e cultural, constituíndo, segundo Vicente Risco, Antonio Vilar Ponte ou Castelao, unha *Civilización Atlántica*.

En suma, en "Portugal e Galiza: Encantos e encontros" podemos apreciar a simpatía que o autor ten cara Galicia, e como, a pesar de que a historia separou ambas as dúas terras, as súas xentes sempre mantiveron unha relación especial que impediu a total separación e desentendemento de unha cara a outra. A medida que vai pasando o tempo, cada vez esa unión está máis definida, non só desde dentro, senón tamén desde fóra, coa creación desa "eurorrexión" por exemplo, a pesar de como ben di José David Santos Araújo, non acadou máis que as expectativas económicas, deixando en segundo plano o potenciamento social, cultural e lingüístico.

Marta Táboas Fernández.